BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 16 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 263

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 10 de novembro de 2026 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa desta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Iria Heath Montero e Mario Jorge Barreto Barbosa, que se celebrará o 13 de novembro de 2026, ás 11:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 10 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3100

FOZ

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 299 do 31 de decembro de 2022 publicouse a convocatoria e Bases Xerais dos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Foz para a execución da oferta de emprego público extraordinaria 2022, correspondentes a prazas estruturais vacantes de persoal laboral fixo e funcionario incursas no artigo 2 e nas disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia, número 27 do 8 de febreiro de 2023, publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo e polo que se dá publicidade das bases xerais dos procesos de estabilización de emprego temporal para a execución da oferta de emprego público extraordinaria 2022, correspondentes a prazas estruturais vacantes de persoal laboral fixo e funcionario, incluídas no artigo 2 e nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado de data 24 de febreiro de 2023 número 47 publícase a convocatoria para prover varias prazas, establecendo que o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa a praza de operario do punto limpo.

Resultando que no BOP número 252 de data 31 de outubro de 2024, publicouse proposta de nomeamento para a praza de Operario do Punto Limpo, como persoal laboral fixo, incluída na OEP 2022, cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, do Concello de Foz, á seguinte persoa: Blanca Ester Campos López.

Resultando que con posterioridade a dita publicación, e mediante o correspondente acto administrativo, decretouse de forma provisional a suspensión do procedemento de nomeamento e contratación respecto á devandita aspirante, motivado pola tramitación sobrevida dun expediente médico ante o Instituto Nacional da Seguridade Social.

Resultando que con data do 2 de novembro de 2026, dona Blanca Esther Campos López presentou formalmente un escrito ante este Concello en resposta ao requirimento efectuado, manifestando de forma expresa e voluntaria a súa RENUNCIA aos dereitos derivados da proposta de nomeamento para a praza de Operario do Punto Limpo, achegando así mesmo a correspondente Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social de recoñecemento dunha Incapacidade Permanente Total.

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

Considerando que consta formalmente inserido no expediente administrativo o documento e correspondente informe de baixa na Seguridade Social que acredita o recoñecemento firme dunha Incapacidade Permanente Total (IPT) en favor de dona Blanca Ester Campos López, circunstancia que imposibilita de xeito sobrevido o cumprimento do requisito de capacidade funcional.

Considerando que a Base Cuarta da convocatoria (punto 4.1.d) esixe de xeito imperativo e obrigatorio "posuír a capacidade funcional, capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño das tarefas" e que o punto 4.2 determina que ditos requisitos de capacidade deben manterse obrigatoriamente "ata a data do seu nomeamento", sancionando a Base Octava co decaemento de dereitos o incumprimento ou falta de acreditación de ditas condicións funcionais.

Considerando que o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, admite de forma expresa a renuncia de dereitos polos interesados sempre que non estea prohibida polo ordenamento xurídico, o cal, sumado á concorrencia da falta de capacidade funcional sobrevida, extingue o dereito ao nomeamento derivado do proceso selectivo.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais Reguladoras, e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o art. 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Alzar a suspensión do procedemento de nomeamento e contratación correspondente á praza de Operario do Punto Limpo dentro do expediente 1584/2022.

SEGUNDO.- Aceptar a renuncia expresa e voluntaria presentada por dona BLANCA ESTHER CAMPOS LÓPEZ.- (con DNI ***7567**) aos dereitos derivados da proposta de nomeamento publicada no BOP número 252 de data 31 de outubro de 2024, motivada pola súa situación sobrevida de Incapacidade Permanente Total, deixando en consecuencia sen efecto nin valor xurídico dita proposta inicial e declarando o decaemento do seu dereito á contratación no presente proceso selectivo.

TERCEIRO.- Propoñer o nomeamento do seguinte aspirante con maior puntuación segundo a orde de clasificación definitiva do proceso selectivo aprobada con data do 25 de setembro de 2024 para a praza de Operario do Punto Limpo, GONZALO LÓPEZ BOUZA, DNI: ***9498**G. Para tal efecto, requírese formalmente ao devandito aspirante para que, no prazo de vinte (20) días hábiles a contar desde o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, achegue perante este Concello a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na Base Cuarta da convocatoria, como trámite previo e obrigatorio para o seu nomeamento e contratación como persoal laboral fixo.

CUARTO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello de Foz.

QUINTO.- Notificar a presente Resolución á interesada dona Blanca Esther Campos López para o seu coñecemento e efectos oportunos, cos recursos legais que correspondan, e dar traslado da mesma aos departamentos municipais de Persoal, Nóminas, Intervención e Tesourería para a súa constancia, arquivo e efectos administrativos procedentes.

Mándao e asínao en Foz (Lugo) o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min, o Secretario, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Foz, 9 de novembro de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío. A secretaria accidental, Ana María Pérez Moreda.

R. 3101

FRIOL

Anuncio

Á vista de factura que ten encadre co capítulo IV, transferencias correntes (referida ao C.P.I. Doutor López Suárez) o Pleno do Concello na sesión extraordinaria celebrada o dous de novembro do actual, acordou a aprobación da facturación con cargo aos créditos do capítulo IV, en canto transferencias correntes, sometendo o acordo ao trámite de exposición pública polo prazo de quince días desde a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 10 de novembro de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3102

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2027 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. EXP. 1325/2026

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 12 de novembro de 2026 aprobouse inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2027, así como o cadro de persoal para o dito exercicio. Ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas.

O orzamento e a documentación anexa considéranse definitivamente aprobados se durante o citada prazo non se tiveran presentadas reclamacións. En caso contrario, O Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Guitiriz, 12 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3120

LUGO

Anuncio

Por medio deste anuncio faise público que, mediante o Decreto da Alcaldía núm. 8380/2026 do 15/10/2026, aprobouse a rectificación de erro material no decreto de Alcaldía nº 7906/2026 polo que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 17 prazas de bombeiro/a condutor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (4 incluídas na OEP 2023, 2 incluídas na OEP 2024 e, 11 incluídas na OEP 2025).

Así mesmo, por Acordo 8/436 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión do 19/10/2026, aprobouse a rectificación do acordo 8/398 adoptado pola Xunta de Goberno Local relativo á designación do tribunal cualificador do dito proceso selectivo.

En virtude do anterior, disponse a publicación do correspondente anuncio de conformidade coas devanditas resolucións:

PRIMEIRO.- Publicar como **ANEXO I** a parte resolutiva do Decreto núm. 8380/2026 do 15/10/2026.

SEGUNDO.- Publicar como **ANEXO II** a listaxe definitiva rectificada de persoas admitidas e excluídas do citado proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión se fose o caso.

TERCEIRO.- Publicar como **ANEXO III** a parte dispositiva do Acordo 8/436 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión do 19/10/2026.

CUARTO.- Contra as resolucións de aprobación da rectificación da listaxe definitiva e de designación do tribunal cualificador, que esgotan a vía administrativa, poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional decimocuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que contra o Acordo de designación do Tribunal, as persoas interesadas poderán formular a recusación, nos termos previstos na Lei 40/2015, e que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

ANEXO I

Parte resolutiva do Decreto núm. 8380/2026 do 15/10/2026:

Primeiro.- Estimar a solicitude presentada por D. Amado Alonso Alonso (DNI: ***6708**) con data 13 de outubro de 2026, en relación coa súa exclusión do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 17 prazas de bombeiro/a condutor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (4 incluídas na OEP 2023, 2 incluídas na OEP 2024 e, 11 incluídas na OEP 2025) do Concello de Lugo, ao resultar acreditadosl os requisitos esixidos na convocatoria.

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

Segundo.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o Decreto da Alcaldía nº 7906/2026, de data 25 de outubro de 2026, polo que se aprobou a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, no relativo á exclusión de D. Amado Alonso Alonso.

Terceiro.- Declarar a D. Amado Alonso Alonso (DNI: ***6708**), persoa aspirante admitida no proceso selectivo de referencia e incluílo na lista definitiva de persoas aspirantes admitidas, mantendo inalterados os restantes extremos do decreto obxecto de rectificación.

Cuarto.- Ordenar a publicación da presente resolución e da lista definitiva rectificada polos mesmos medios previstos nas bases da convocatoria para a publicación das listas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Quinto.- Notificar a presente resolución á persoa interesada e dar traslado desta ao tribunal cualificador para os efectos oportunos.

Así mesmo, déase traslado ás dependenzas e ós servizos municipais afectados.

ANEXO II

Listaxe definitiva rectificada de persoas aspirantes admitidas e excluídas

ADMITIDOS/AS

ASPIRANTE	DNI
AGUION FERNANDEZ,RUBEN	***4478**
ALFARO BARBARA, ISIDRO	***8043**
ALONSO ALONSO, AMADO	***6708**
ALONSO CORTABITARTE, LAURA	***2726**
ALONSO GONZALEZ, ISMAEL	***3057**
ALTINSOY PEREZ, KAIS	***9707**
ALVAREZ CORBELLE,ROQUE	***5792**
ALVAREZ DOPAZO, ANTON	***9884**
ALVAREZ FERNANDEZ, ABEL	***0219**
ALVAREZ GONZALEZ, DANIEL	***1984**
ALVAREZ REPARAZ, ALEJANDRO	***2212**
ARIAS OSORIO, JOSE DAVID	***9168**
BALLESTEROS VEGA, SUSANA MARIA	***6022**
BANDIN EIRAS, ALVARO	***8283**
BARCIA OTERO, PABLO	***0822**
BELLO BUGALLO, IRIA	***0409**
BENAMOR FERNANDEZ, ELIAS	***3806**
BLANCO GUEDE, ALVARO	***5994**
BLANCO INSUA, CHISTIAN	***1412**
BLANCO LOPEZ, FERNAN	***0383**
BLANCO RODRIGUEZ, ANTON	***9878**
BOENTE GOMEZ, BRAIS	***9164**
BORRAZAS RUMBO, MANUEL	***6914**
BUENO GARCIA, DANIEL	***3774**
BUSTO ARMADA, JOSE	***4602**
CAAMAÑO FEIJOO, CARLOS	***9870**

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

ASPIRANTE	DNI
CABALERO MARTINEZ, PABLO	***8880**
CALVIÑO GOMEZ, IVAN	***7111**
CAMPO MARTINEZ, JOEL	***2682**
CANOSA LOPEZ, RUBEN	***2965**
CARBAJO GARCIA, PABLO	***7241**
CASAL IGLESIAS, CESAR	***0241**
CASCUDO ABUIN, DIEGO	***5861**
CASTANEDO GANTES, JUAN	***0826**
CASTRO DIAZ, VICTOR	***7025**
CASTRO SOUTO,ROQUE	***0691**
CERNADAS ESTEVEZ, VICTOR	***2973**
COELLO FERNANDEZ, ALVARO	***4356**
CONDE MARTINEZ, BORJA	***8228**
COSTA MUÑOZ, XESUS	***6171**
COUTO PINTOS, PEPE	***3630**
CRUZ ARROYO, GUSTAVO	***5731**
CUADRADO PEREZ, JORGE	***1633**
DEL BARRIO MARQUEZ, ALVARO	***0371**
DEL CAMPO ARISTEGUI, ALFONSO	***5427**
DEL POZO GONZALEZ, DANIEL	***3657**
DIAZ DOMINGUEZ, JUAN	***7331**
DIESTE OTERO, FRANCISCO	***9568**
ESPIÑEIRA MOSQUERA, RAUL	***5990**
ESTEBAN FERREIRO, DAVID	***5397**
FERNANDEZ CRESPO, RAFAEL	***7337**
FERNANDEZ FERNANDEZ, CESAR	***3903**
FERNANDEZ FERNANDEZ, HECTOR	***3841**
FERNANDEZ FERREIRO, ADRIAN	***4015**
FERNANDEZ LAFUENTE, SEBASTIAN	***4651**
FERNANDEZ LOPEZ, PEDRO	***0979**
FERNANDEZ LOPEZ, TOMAS	***5697**
FERNANDEZ MARTINEZ, ANGEL	***2855**
FERNANDEZ MARTINEZ, RUBEN	***9187**
FERNANDEZ QUIROGA,JAVIER	***3684**
FERNANDEZ SOUTO, AGUSTIN	***9283**
FERNANDEZ TALLAFIGO, SANTIAGO	***4014**

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

ASPIRANTE	DNI
FERNANDEZ VAZQUEZ, OSCAR ALBERTO	***5634**
FERNANDEZ VIDAL,SERGIO	***9501**
FERREIRO NEIRA, JOSE ANTONIO	***5091**
GALBAN CES, ALEJANDRO	***8883**
GARCIA LIJO, ALBERTO	***2620**
GARCIA MATO, DIEGO	***2968**
GARCIA NEIRA, XOEL	***9250**
GARCIA NOVOA, DIEGO	***5456**
GARCIA PARIS, ALBERTO JOSE	***9887**
GIL FERNANDEZ, JOEL	***9731**
GONZALEZ GANDON, ALBERTO	***5861**
GONZALEZ GESTOSO, PABLO	***7268**
GONZALEZ GOMEZ, IAGO	***4573**
GONZALEZ MARTINEZ, ISMAEL	***1806**
GONZALEZ RUEDA, JAVIER	***5429**
GONZALEZ VALLE, MIGUEL	***3458**
GRANDAL SIXTO, ARON	***1629**
GRAÑA MARTINEZ, DAVID	***9432**
GUILLAN PRADO, ALEJANDRO	***9967**
GUIMAREY VIDAL, TOMAS	***0663**
GUTIERREZ CURBEIRA, ALEJANDRO	***1272**
HAMADE LONGARELA, RUBEN	***4773**
HERNANDEZ SANCHEZ, RAUL	***1526**
IGLESIAS LOSADA, CARLOS	***3737**
IGLESIAS NOYA, FRANCISCO	***0371**
IGLESIAS RIVAS, ESTEBAN	***8517**
LAGE DIAZ, ALBERTE	***4894**
LAMPON PREGO, MANUEL	***8054**
LAVANDEIRA GARCIA, JORGE	***2832**
LEYVA IGLESIAS, MANUEL	***1207**
LISTE RECAREY, JOSE DANIEL	***3823**
LOMBAO GONZALEZ, RUBEN	***8446**
LOPEZ DIAZ BECERRA, ANTON	***0260**
LOPEZ GARCIA, DIEGO	***4394**
LOPEZ GOMEZ, MANUEL	***8518**
LOPEZ VOCES, JULIO	***1444**

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

ASPIRANTE	DNI
LORENZO DIAZ, LUCAS	***8227**
LORENZO MATA, RAUL	***7388**
LUACES CASTRO, DANIEL	***1541**
MARIÑAS DELGADO, ANDRES	***2201**
MARTINEZ CAJIDE, PABLO	***5854**
MARTINEZ LAGO, CARLOS	***1069**
MARTINEZ RIVERA, JUAN PEDRO	***9760**
MARTINEZ RODRIGUEZ, PABLO JOSE	***9486**
MASIP ABIAN, XAVIER	***0918**
MATO ROZAS, ADRIAN	***4788**
MENDEZ LOYO, PABLO	***5665**
MIGUEZ PEREZ, ADRIAN MANUEL	***9502**
MIRANDA ANEIROS, ANDRES	***1875**
MORALES CANEIRO, BRAN	***3647**
MORANDEIRA VAZQUEZ, DAVID	***2535**
MOROÑO LOMBA, YAGO	***0987**
MOSQUERA BLANCO, JUAN MANUEL	***2870**
NAVA HERREROS, SERGIO	***5607**
NEIRA FRAGA, IRIA MARIA	***4844**
NUÑEZ MOSQUERA, MANUEL	***2908**
OLIVEIRA DE ALBA, JOAO MANUEL	***3057**
PALLAS FIGUEROA, JOSE CARLOS	***3874**
PALLEIRO MORLAN, OSCAR	***1073**
PAMPIN IGLESIAS, DAVID	***2854**
PAREDES GALLEGO, ANXO	***6017**
PASEIRO RODRIGUEZ, MARCOS	***9138**
PAZ MARTINEZ, MIGUEL	***2220**
PAZ MELERO, DAVID	***0091**
PAZ VIÑAS, MARTIN	***1601**
PEDREIRA GUERRERO, UNAI	***0539**
PEREZ COTA, DANIEL	***7570**
PEREZ GONZALEZ, ALVARO	***2592**
PEREZ MARTINEZ, HUGO	***9536**
PIÑON HERMIDA, DAVID	***1414**
PLATAS VIGO, DAVID	***3836**
POL PANDELO, ALVARO	***9375**

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

ASPIRANTE	DNI
PORTELA DE LA FUENTE, YAGO ADRIAN	***8113**
RAMIREZ SENLLE, HUGO	***8186**
REGA JUNCAL, ANTONIO MANUEL	***3137**
REGUEIRO PARDO, JAVIER	***2598**
REICES IGREXAS, MANUEL	***9047**
REY RAMOS, BORJA	***9742**
RIOS GARCIA, JUAN CARLOS	***7748**
RODRIGUEZ AGUIN, MARIA ANTIA	***6821**
RODRIGUEZ FUERTES, DANIEL	***3623**
RODRIGUEZ LOURIDO, PABLO	***8510**
RODRIGUEZ MENDEZ, MARTIN	***4383**
RODRIGUEZ PIMENTEL, PATRICK	***6626**
RODRIGUEZ RIBAO,YAGO	***5931**
RODRIGUEZ SOTELO, IVAN	***8968**
ROSENDE SAEZ, MARCOS	***9151**
ROZAS FERREIRO, DIEGO	***4475**
RUIBAL ROSENDE, MARTIN	***3026**
SALGADO DIEZ, DAVID	***1663**
SALORIO GARCIA, EMILIO FRANCISCO	***3543**
SALVADO BERMUDEZ, CARLOS PERFECTO	***1740**
SALVADO GONTAD, OSCAR	***4610**
SANCHEZ DIAZ, DAVID	***7897**
SANCHEZ SANCHEZ, ANTON	***0303**
SANCHEZ SEÑERIZ, PEDRO	***1707**
SANCHEZ TOUZON, MANUEL	***7603**
SANDOVAL LOPEZ, GUSTAVO	***0383**
SANTEIRO VILAR, ADRIAN	***4412**
SARMIENTO DA CONCEIÇAO, LUCAS	***9901**
SEIJAS PORTA, SUNNY	***5753**
SOMOLINOS OLMO, JUAN	***3982**
SUAREZ TOME, MARCO	***7031**
SUAREZ VILLAR, ELOY	***7470**
TORRES BLANCO, ANDY	***6711**
TORRES ROMAY, JESUS JAVIER	***8605**
TUBIO BARREIRO, GUSTAVO	***8526**
VARELA DOCAMPO, ADRIAN	***5813**

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

ASPIRANTE	DNI
VARELA RODRIGUEZ, MATUA ANTONIO	***2908**
VAZQUEZ GONZALEZ, ANDREA	***7388**
VILA PULIDO, ROI	***7393**
VILABOA GARCIA, DANIEL	***8228**
VILLAVERDE JUNCAL, ABEL	***1518**
VIÑAS CORES, ROI	***2077**

EXCLUÍDOS/AS

ASPIRANTE	DNI	Motivo de exclusión
BLANCO GARCIA, FERNANDO	***2546**	(4)
CANABAL GARCIA, RAFAEL	***7907**	(5)
CASTRO PATIÑO, MARTA	***2038**	(6) (7)
DE CASTRO AYALA, ALEJANDRO	***8558**	(7)
DE CASTRO AYALA, DAVID	***8558**	(7)
GARCIA PUENTES, FERNANDO	***1404***	(5)
GOBERNA NOVOA, GABRIEL	***5827**	(6)
GONZALEZ GOMEZ, ANXO	***6256**	(5)
GONZALEZ GONZALEZ, BORJA	***2076**	(5)
LOPEZ RIAL, RAFAEL	***3149**	(2) (6)
LOURO VALVERDE, JUAN	***5931**	(5)
MARTINEZ SUAREZ, DIEGO	***2111**	(5)
PIÑEIRO BERMUDEZ, JORGE	***3318**	(2)
RODRIGUEZ BOYERO, MARC	***9930**	(5) (6)
RODRIGUEZ SILVA,SANTIAGO	***4628**	(6)
ROSAL RODRIGUEZ, BRUNO	***5939**	(7)
VALLS ALEMANY, MIQUEL	***1836**	(6)
VEIRAS MOSQUERA, MIGUEL	***6546**	(5)
VEIRAS PULLEIRO, JOSE ANTONIO	***6038**	(6)
VELO SUAREZ, KEVIN	***3746**	(2) (6)

Causas de exclusión:

(1): Non aportar DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

(2): Non aportar xustificante de ter ingresados os dereitos de exame ou aportar xustificante de tasa inferior.

(3): Non aportar título de graduado escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.

(4): Non aportar permiso de conducir da clase C vixente.

(5): Non aportar licenza de navegación ou superior ou ser emitida con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

(6): Non aportar certificado médico oficial vixente (máximo tres meses anteriores á fecha de fin de solicitudes),que faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición.

(7): Presentar a solicitude fóra de prazo.

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

ANEXO III

Parte dispositiva do Acordo 8/436 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión do 19/10/2026

PRIMEIRO.- Rectificar o Acordo 8/398 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do 28 de setembro de 2026 de designación do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dezasete prazas de bombeiro/a condutor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (4 incluídas na OEP 2023, 2 incluídas na OEP 2024 e, 11 incluídas na OEP 2025), de xeito que onde di:

"Asesor/a especialista designado/a para as probas físicas:

Desígnase en calidade de persoal asesor especialista para prestar asistencia técnica exclusiva ao tribunal durante o desenvolvemento dos exercicios físicos a don Gonzalo Pereira Ferreiro, técnico de Deportes do Excmo. Concello de Lugo"

debería dicir:

"Asesor/a especialista designado/a para as probas físicas:

Desígnase en calidade de persoal asesor especialista para prestar asistencia técnica exclusiva ao tribunal durante o desenvolvemento dos exercicios físicos a don Gonzalo Pereira Ferreiro, Licenciado en Educación Física".

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderase interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que estime conveniente.

TERCEIRO.- Publicar esta modificación no Boletín Oficial da Provincia no portal de transparencia e na sede electrónica do Concello de Lugo.

Lugo, 20 de outubro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. María Elena Candia López.

R. 3103

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte de maio de dous mil vinte e seis, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 3/198 PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de dona María Elena Candia López, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, de data 2 de novembro de 2026, de nomeamento de dona Ana Belén Río Arias con DNI: ***3134**, como persoal eventual, para ocupar un posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal do Partido Popular.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 3 de novembro de 2026.

Visto o informe de Intervención Nº: 2026/1697 do 4 de novembro de 2026.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para ocupar un posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal do Partido Popular, a dona Ana Belén Río Arias con DNI: ***3134**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona María Elena Candia López.
- a retribución que percibirá será de 37.743,72 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 5 de novembro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3104

Anuncio

Por Decreto nº 8765/2026 do día 29 de outubro, asinado pola Excma. Alcaldesa acordouse a apertura dun período de información pública, para coñecer a dispoñibilidade de parcelas no ámbito xeográfico da rolda das Fontiñas, susceptible de destinarse a aparcamento público municipal en superficie, por un prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no taboleiro municipal, Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como na Plataforma de Contratación do Sector Público e na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Lugo (Lecol), para que as persoas interesadas poidan achegar a documentación correspondente.

O citado Decreto, con toda a información dispoñible, está dispoñible no seguinte enlace:

https://treboada.lugo.gal/index.php/s/4JxE2sJww72WNKF

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lugo, 29 de outubro de 2026.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 3105

A PONTENOVA

Anuncio

Expediente núm.: 782/2026

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA TRABALLADORES SOCIAIS NO CONCELLO DA PONTENOVA

Por Resolución de Alcaldía de data **10/11/2026**, aprobáronse a convocatoria e as bases para a constitución dunha bolsa de emprego para Traballadores Sociais.

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello da Pontenova:

https://concellodapontenova.sedelectronica.gal

A Pontenova, 10 de novembro de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3106

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)

NOTARÍA

Anuncio

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,

HAGO CONSTAR

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia de los causantes DON FRANCISCO LÓPEZ PÉREZ, DOÑA BENIGNA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DON FRANCISCO LÓPEZ FERNÁNDEZ y DOÑA CONCEPCIÓN PÉREZ NÚÑEZ.

Que entre los herederos de los citados causantes se encuentra el siguiente respecto al cual no se ha podido realizar notificación:

DON DALMIRO LÓPEZ FERNÁNDEZ.

Que se le comunica a dicha interesada o a cualquiera que tenga interés en dicha herencia lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle Gran Vía, nº9-bajo de la villa de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 10 de noviembre de 2026.- El notario, Juan José López Yáñez.

R. 3107

Anuncio publicado en: Num BOP 263 año 2026 (16/11/2026 08:00:00)